



Concello de
Becerreá



Concello de
As Nogais



Concello de
O Corgo



Concello de
Baralla



Concello de Lugo

www.viakunig.eu

info@viakunig.eu

#viakunig

[facebook.com/hermannkunig](https://www.facebook.com/hermannkunig)



“Eu, Hermann König de Vach quero compoñer coa axuda de Deus un pequeno libro que se vai chamar O camiño de Santiago. Nel quero describir camiños, pegadas e de que maneira todo irmán de Santiago deberá abastecerse con bebida e comida...”

Hermann König, 1495

Texto e deseño:
www.caminosconarte.com

CAMIÑO DE SANTIAGO POR LUGO

Via
König





A Guía de peregrinos de Künig

Hermann Künig de Vacha, monxe do mosteiro da orde servita de Vacha (Alemaña) redactou no 1495 unha guía de peregrinos na que recolle lugares, distancias, consellos e información útil para a peregrinaxe a Santiago de Compostela.

Esta guía dirixida principalmente a peregrinos alemáns, editada en cinco ocasións, é testemuña da importancia da peregrinaxe a Compostela a través desta variante do Camiño Francés por Lugo a finais do século XV.

A través dos seus versos descubrimos historias e lendas sobre o Camiño e a

súa propia experiencia como peregrino.

Unha viaxe que nos transporta ao día a día do camiñante: hospedaxe, bifurcacións de camiños, cambio de moedas, peaxes, pontes e puntos de axuda.

O itinerario a seguiu por Hermann Künig comeza na cidade alemá de Vacha e entra na Península Ibérica por Roncesvalles. Xustamente na entrada a Galicia, en Herrerías de Valcárcel, desvíase por Pedrafita e continúa polas Nogais, Becerreá, Baralla e O Corgo ata a cidade de Lugo, onde se xunta ao trazado do camiño primitivo ata Santiago de Compostela.

Vía Künig

Explora camiños visibles e invisibles.

Vía Romana XIX, Camiño Real de Carlos III, camiño medieval. Descúbreos seguindo as pegadas dos peregrinos da Vía Künig.

Respira en plena natureza percorrendo un camiño que atravesa bosques autóctonos de carballos e castiñeiros centenarios.

Goza dunha paisaxe que te conquistará pola súa autenticidade nunha contorna de tranquilidade que atrae a paz interior.

Vive a maxia dun Camiño de Santiago diferente!

